

MANIFESTO REGUEIFEIRO



1 de ABRIL 2022

NON ÁS GUERRAS



A escola é o comezo
Do diálogo a esperanza
É aquí onde principia
Aprendede das crianzas

Se nós somos o futuro
Vós non metades a pata
Queremos vivir en paz
Aprendede das crianzas

No canto de competir(e)
Incluíde na balanza
Traballade as emocións
Aprendede das crianzas

A regueifa enfeitiza
É un canto de esperanza
Só aceptamos esta loita
Aprendede das crianzas

A cultura une os povos
Vivan músicas e danzas
Queremos un mundo unido
Aprendede das crianzas

Queremos que dende a escola
Esquezamos as vinganzas
Sementade máis amore
Aprendede das crianzas

MANIFESTO REGUEIFEIRO



1 de ABRIL 2022

NON ÁS GUERRAS



A vida é un camiño
Todo cheiño de andanzas
Debes esquecer rancores
Aprendede das crianzas

Porque somos xente nova
Ás veces facedes chanzas
Temos moito que ensinarvos
Aprendede das crianzas

Os discursos que nos venden
Sonche todos unhas farsas
Nós optamos pola vida
Aprendede das crianzas

Putin vaite para a casa
E logo tí non te cansas?
Home déixate de lerias
Aprendede das crianzas

Facedes todo por cartos
Non queremos esa herdanza
Pouco vos importa a xente
Aprendede das crianzas

Imos dar a despedida
Imos dar a derradeira
Nas escolas da Galiza
Sempre paz e non ás guerras